

# Outono de actividades para os clubs da Rede Museística — Museo Fortaleza San Paio de Narla—



*Outono cedo de gaitas,  
moceiro de ledas choivas,  
meu nemigo!*  
[Álvaro Cunqueiro]

Poñámoslle boa cara ao previsible mal tempo, a pesar dos reparos dos versos de don Álvaro Cunqueiro. Co cambio de estación (outono-inverno), e de hora, os museos da Rede ofrecen novas actividades aos integrantes dos seus clubs Pequeamig@s, Ei! e Sénior. Actividades, por tanto, abertas á participación de todas e todos, de calquera idade ou inquietude.

Neste 2016 celebramos 10 anos en-re-da-dos, unha década de experiencias compartidas a través dunha Rede Museística creada en 2006 para que os catro museos integrados puidesen atender máis eficazmente a súa función social.

Nesa liña e con ese compromiso inicial, a área de Cultura da Deputación de Lugo e os museos da Rede Museística programan nos catro museos obradoiros e outras actividades que procuran un lecer activo, creativo e participativo. Son espazos tamén para o diálogo, para o intercambio cultural, para activar sinerxías e accións combinadas para que entre todos os museos e as persoas que participan nas actividades a realizar, construíamos un futuro mellor.

## **PROGRAMA**

### **»Obradoiro: Grupo de cine**

O taller xirará entorno á creación dunha peza audiovisual precedida dunha serie de actividades que buscarán crear grupo e presentar os principais elementos do cinema. A secuencia principal crearase adaptando unha escena do relato “O Rifante” de Castelao, facendo énfase nos outros elementos que conforman o cinema, sempre dende o punto de vista da interpretación actoral no cine. Buscarase crear tamén o chamado plano secuencia. Datas: 26 de novembro (de 12:00 a 14:00 h.) e 3 de decembro (de 12:00 a 13:00 h.)

Idades: de 4 a 12 anos  
Nº de asistentes: Máximo 20

»**Obradoiro: O Samaín**

Obradoiro familiar no que se celebrará o Samaín en colaboración coa Asociación de Recreación Histórica Castronela. Cabazas, xogos... e un paseo de ánimas arredor da fortaleza.

Datas: 29 de outubro

Horario: a partir das 16.00 h.

Idades: Club Pequeamig@s, Club Ei! e Club Sénior.

Nº de asistentes: sen límite

»**Obradoiro: Iconografía dos ríos galegos**

Analizaremos a flora e fauna dos ríos galegos, en especial a do río Narla. E tamén a mitoloxía, que compararemos coa grecorromana.

Datas: 13 de novembro.

Horario: a partir das 12.00 h.

Idades: Club Pequeamig@s.

Nº de asistentes: sen límite

»**Obradoiro para universitarios da USC**

Sesión para analizar as Unidades Didácticas do noso museo.

Datas: 18 de novembro.

Horario: a partir das 11.00 h.

Idades: Universitarios da USC

»**Obradoiro: Teatralizar, expresámonos**

Aprendemos a transmitir información e tamén a teatralizar. Fóra vergoña!

Datas: 26 de novembro.

Horario: de 11:30 a 23:30 h.

Idades: Todas as idades

Nº de asistentes: sen límite

\*\*\*

**Museo Fortaleza de San Paio de Narla**, Friol . Tfno.: 982 37 51 56 /  
sanpaiodenarla@museolugo.org

**Xerencia da Rede Museística:** Tfno.: 699 836 883 / [xerencia-redemuseos@deputacionlugo.org](mailto:xerencia-redemuseos@deputacionlugo.org)



REDE MUSEÍSTICA  
PROVINCIAL DE LUGO

MUSEO FORTALEZA SAN PAIO DE NARLA